
O DEUS DAS PEQUENAS COUSAS

Texto de ARUNDHATI ROY

Tradución de ANTÍA VERES XESTO

Ilustración de portada de ADRIÀ FRUITÓS


Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 464 páx. 18 €
ISBN 978-84-16721-94-8. Lecturas expertas. Narrativa K. Factoría K.
PREMIO BOOKER 1997

*En Ayemenem, maio é un mes caloroso e melancólico.
Os días son longos e húmidos. O río achícase e os corvos negros
fártanse a comer nas mangas coloridas que colgan
das árbores quedas, dun ton verde poeirento.
As bananas vermellas maduran. As xacas rebentan.
Uns moscóns dísolutos zoan sen rumbo no aire afroitado.
Loño, quedan sen sentido ao bater contra os cristais limpos
dunha xanela e espichan, atordados en toda a súa voluminosidade
baixo os raios do sol. As noites son claras, pero están anegadas
de galbana e dunha expectación taciturna ...*

«O deus das pequenas cousas», debut literario de Arundhati Roy en 1997, é a historia de tres xeracións da familia Ipe, marcada polo amor prohibido e a morte. En 1969, Ammu abandona o seu marido, alcohólico e maltratador, e marcha á casa familiar en Kerala, no suroeste da India, cos seus fillos xemelgos, Rahel e Estha. Como muller divorciada, é considerada unha paria, mesmo por parte da súa propia familia. A súa situación empeora cando rompe as estritas normas sociais ao namorarse dun *dalit*, un intocable. Vinte e catro anos despois, Rahel regresa a Kerala coa intención de reencontrarse co seu irmán, o que a leva a rememorar unha historia familiar que condicionou as súas vidas nun país marcado polo choque entre tradición e modernidade.

Esta engaiolante saga familiar ten carácter semiautobiográfico; a autora inspirouse nas experiencias da súa nenez en Aymanam. Trátase dunha poderosa historia de historias na que se mesturan paixón e traxedia, maxia e misterio, rachando tabús, loitando pola xustiza e curando a dor causada pola perda da inocencia, o peso do pasado e as aristas do presente. Arundhati Roy foi comparada con García Márquez e Rushdie pola súa prosa exquisita e polo pulso narrativo desta novela que bebe do realismo máxico: de como as pequenas cousas da vida se acumulan, se traducen ao comportamento humano e repercuten nas persoas.

Ademais de presentar unha profunda e poética análise das raíces da India, a lectura atrapa dende as primeiras páxinas pola calidade imaxinativa e a súa intensidade moral, pola axeitada recreación do mundo infantil -xogos, medo, esperanza- e pola reacción dos personaxes ante os horrores que experimentan.



- **Temática:** historia dunha familia.
- **Destinatarios:** lectores adultos.
- **Aspectos destacables:** Premio Booker 1997; historia semiautobiográfica; cultura, organización social e desigualdades na sociedade da India; saltos temporais entre pasado e presente, recordos, soidade, emocións.
- **Avance do libro:** <https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-deus-das-pequenas-cousas-g>

Arundhati Roy

(Shillong, India, 1959)

Comezou traballando como guionista para programas de televisión e películas como «In Which Annie Gives It Those Ones» (1989, Premio da Academia India de Cine ao mellor guión), baseada nas súas experiencias como estudante de arquitectura e na que tamén foi actriz, e «Electric Moon» (1992), ambas dirixidas por quen era daquela o seu marido, Pradip Krishen. «O deus das pequenas cousas» lanzouna á fama internacional: ademais do Premio Booker 1997, tamén estivo entre os libros destacados do ano en The New York Times, situándoo entre os libros máis vendidos. Foi traducido a máis de medio cento de idiomas e converteuse nun acontecemento literario en todos os países onde se publicou. Posteriormente escribiu outras obras e ensaios políticos. Recibiu o Premio José Luis López de Lacalle por «El álgebra de la justicia infinita». Afincada en Nova Delhi, implicouse en varias causas sociais e políticas, como a protesta contra as probas con armas nucleares realizadas polo goberno indio e o rexeitamento a varios proxectos de represas hidroeléctricas. En 2004 foi distinguida co Premio Sidney da Paz polo seu apoio ao pacifismo e ao ano seguinte participou no Tribunal Mundial sobre Irak.

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com
